



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E NOVE DE SETEMBRO DE 2021, CON CARÁCTER ORDINARIO**

**SRES/AS ASISTENTES:**

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D <sup>a</sup> . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D <sup>a</sup> . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D <sup>a</sup> . MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D <sup>a</sup> . RAQUEL SANGIAO DURÁN
	D. CARLOS GARCÍA CUTRÍN
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D <sup>a</sup> . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día vinte e nove de setembro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (29/07/2021).**

Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE, indica que no punto 8 da acta da sesión anterior (Rogos e preguntas), a súa intervención no punto sexto non reflicte o que ela quixo dicir. Debe dicir "...felicitarlos, porque van van gozar todos desas rebaixas nas peaxes tan demandadas polas que o partido do grupo de goberno non fixo nada despois de tantos anos gobernando na Xunta de Galicia e no goberno do Estado..."

Posta a votación, apróbese por unanimidade.

**2º.- Aprobación, se procede, da Conta Xeral do exercicio 2020.**

Dáse conta do informe da comisión informativa especial de contas.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que é un documento moi extenso que hai que saber interpretar. Quere resaltar que o dedicado o ano pasado á limpeza de centros educativos aumentou en 6.000 € produto da externalización do servizo que fixo o grupo de goberno. Pasou de trinta a trinta e seis mil euros. Pregúntalle á Presidencia se teñen pensado reconsiderar esa externalización.



A Presidencia contesta que dubida que ese sexa a análise correcta. Cre que o aumento terá que ver, probablemente, co tema da COVID. Unha vez pasado un ano do contrato, poderase facer unha valoración en profundidade.

Posta a votación, apróbase con oito votos a favor do PP e cinco abstencións do PSdeG-PSOE e BNG.

### **3º.- Aprobación, se procede, do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) 2021/2023.**

En cumprimento do disposto no artigo 8.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que en aras de mellorar a eficacia do outorgamento de subvencións, establece a necesidade de elaborar un Plan Estratéxico de Subvencións, que estableza unha conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden obter, cos custos previsibles e as súas fontes de financiamento e, co obxectivo de adecuar as necesidades públicas a cubrir a través de subvencións coas previsións de recursos dispoñibles, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) do Concello de Vedra para o período 2021-2023

Segundo.- Proceder á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña para xeral coñecemento

Pola Presidencia explícase o seu obxecto e contido, e onde se conxugan todas as subvencións no período 2021-2023

Expón que se poden modificar as contías pero se se modifica algunha liña ten que aprobarse polo Pleno.

A Presidencia di que isto é ordenar e agrupar, segundo lle indican dende intervención, todas as axudas directas a través de convenios e subvencións, ben sexan nominativas ou ben en concorrencia, ás asociacións, veciños, etc.

É unha planificación que recolle o que xa existe, e son preto de cento oitenta mil euros de fondos propios, o que supón un esforzo importante. Supón unha planificación de cara ao período 2021-2023, de xeito orientador. Estas cifras poden variar segundo as necesidades ou incidencias que poidan xurdir.

Se no futuro se queren introducir novas liñas habería que modificar o plan para adaptalo a esas novas liñas e tería que ser aprobado en Pleno.

Solicita o voto favorable.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo está de acordo en que se faga. Ata o de agora dábanse subvencións a determinadas entidades, algunhas sacábanse e poden xurdir novas.

En canto ás contías, que se poden ver incrementadas, espera que así sexa, porque para o ano que vén o goberno do Estado vai dedicar recursos extra aos concellos directamente, xa que a Xunta non achegou nada o pasado a pesares de recibir máis de dous mil millóns de euros extra do Estado.

O seu grupo votará a favor.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que cre que é unha oportunidade perdida. É unha lexislación que se xera no ano 2003, o Real Decreto é do 2006 e reformouse no ano



2019. Pregunta como é posible que case 20 anos despois estean neste estado, xa eu teoricamente este plan tiña que estar funcionando hai máis dunha década.

A función fundamental deste plan é a de publicidade, avaliación e control de condutas fraudulentas. Ese control é un seguimento da Xunta de Goberno dun plan xerado polo grupo de goberno, o que vén sendo dicir nada.

Por outro lado, existen baleiros neste plan, como por exemplo no tema de igualdade. Por como exemplo a Escola Deportiva de Vedra, que comezou con 160 participantes e están agora con 90 participantes e non hai unha soa rapaza, e está financiada con catorce mil euros polo concello. Se o grupo de goberno realmente quere fomentar a igualdade, e ven que as rapazas non van xogar ao fútbol, terá que miralo (cambiar a directiva, facer un esforzo, etc), pero non se pode financiar unha entidade deportiva así dicindo que fomentan a igualdade.

Nas sucesivas lexislaturas do PP, foron desaparecendo as escolas de música tradicional, quedando tan só dúas.

O que máis lle chirría é a fiscalización das condutas fraudulentas, así como que tampouco lle quedan moi claros os mecanismos de publicidade.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que no plan lle faltan dúas liñas claves: a primeira é a de igualdade, cre que é importante que haxa unha liña propia para iso; e a segunda a de medio ambiente, tendo no concello unha asociación que é moi activa nese terreo.

Por outro lado, parécenlle irrisorias as cantidades destinadas á liña cultural. Como falaban na comisión, destínanse vinte e sete mil euros só para a Escola de música de Santa Cruz e de Vedra, e no propio concello as asociacións culturais relacionadas coa música tradicional cada vez o teñen máis complicado e pensa que é o momento de fomentar este tipo de asociacións dedicadas á música tradicional.

A Presidencia agradece o voto a favor do grupo socialista e cre que o BNG está nun discurso equivocado cando di que o equipo de goberno non axuda á asociacionismo en Vedra. Pensa que é faltar á verdade.

Cre que o asociacionismo ten que saír do pobo e en Vedra hai moito. É certo que noutros tempos houbo máis e haberá que analizar e estudar o que está a pasar na falta de acción solidaria e comunitaria de moita xente en calquera ámbito. En Vedra aínda hai moita xente con esa vocación de axuda e solidariedade, e o grupo de goberno sempre vai estar detrás desa xente, colaborando economicamente, con instalacións etc.

As axudas directas económicas teñen que ir a onde haxa actividade, onde non a haxa non pode haber unha axuda.

Pensa que acaba habendo poucas entidades dese tipo porque tampouco hai material humano ou directivos dispostos a deixar o seu tempo para iso. Se cadra o que hai que facer é apoiar máis a eses dous grupos de música tradicional.

En canto ás liñas de igualdade e medio ambiente, si están introducidas. Ao mellor non teñen un título específico, pero si están metidas e contabilizadas as contías.

Dille ao Sr. Pose Rodríguez, do BNG, que cando este fala de condutas fraudulentas, cre que xa dá por feito que vai ser fraudulento, e non é así. Quen fiscaliza as axudas é intervención. A Xunta de Goberno fará unha revisión para ver se funcionan certas liñas de subvención, se a achega económica é suficiente ou se queda corta, etc. Este plan significa un cambio na forma de xustificar as subvencións.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que no artigo nove do plan pon seguimento e avaliación. A avaliación é avaliar o resultado como reflicte a propia introdución do plan.



A función fundamental é evitar fraudes, avaliar que eses cartos se usan correctamente. Se non hai un órgano encargado de avaliar, nin un procedemento de avaliacións, este plan non vale para nada.

A Presidencia di que iso xa o fai intervención. Por exemplo, as bolsas escolares concédense en base a unha normativa, cunha serie de obxectivos e xustificantes. Se unha persoa non os ten ou están mal, intervención sinala que non son válidos ou non cumpren o obxectivo desa liña de axuda.

Intervén dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, para dicir que sería interesante destinar unha liña estratéxica ao tema da igualdade.

Ata agora, polo menos nas que non eran nominativas, participaban os grupos da oposición na valoración das liñas para entidades sen ánimo de lucro, e pregunta se iso vai seguir sendo así.

A Presidencia resposta que si, e ademais as nominativas teñen que ir nos orzamentos.

Posta a votación, apróbase con once votos a favor do PP e PSdeG-PSOE e dous votos en contra do BNG.

#### **4º.- Aprobación, se procede, das bases reguladoras das axudas ao ensino e transporte do Concello de Vedra. Curso escolar 2021/2022.**

Dáse conta da convocatoria de axudas para o ensino e o transporte do Concello de Vedra, curso escolar 2021/2022.

A Presidencia sinala que son iguais ás do ano pasado.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que non se recolleu na acta da comisión a proposta do grupo socialista.

Respecto das bases, en solicitudes e documentación necesaria, hai un punto que di: "... certificado que acredite a situación de desemprego por un período superior a seis meses durante o ano 2021 dalgún membro da unidade familiar, se procede..."

Cre que deberán ter en conta que o cómputo deses seis meses debería ser anual, do mesmo xeito que o é a declaración da renda, porque é o ano pechado.

Pode darse o caso de que unha persoa estea en setembro con cinco meses de paro e acabe traballando en decembro, e estea desempregado por seis meses e non se lle teña en conta, por iso entende que o cómputo debe ser anual.

Se non recollen esa modificación, o seu grupo vaise abster.

Dona Susana García, do PP, di que iso débese ás circunstancias especiais que se viviron o ano pasado, no que moita xente estivo nun ERTE e este ano quedou sen traballo. Cre que procede, que ademais do exercicio 2020, tamén se teñan en conta esas circunstancias especiais que están a vivir moitas familias que quedaron sen traballo.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, entende que para esas situacións tamén están os servizos de emerxencia social. Insiste en que o cómputo, tanto para a declaración da renda, como para o de desemprego, ten que ser sempre a ano terminado, porque hai familias que poden quedar sen unha axuda á que poderían ter dereito.



Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, sinala que o que di a concelleira do PP xa se vén facendo dende antes da pandemia.

Replica dona Susana García que isto obedece a que non sexa tan rixido como pasa con outras axudas. Son seis meses acreditando que estiveron no paro no momento de solicitar a axuda.

A Presidencia matiza que entre que se publica a convocatoria e saen as axudas, xa case se completa o ano, polo que practicamente vai ser a anualidade completa 2021.

Posta a votación, apróbase con dez votos a favor do PP e BNG, e tres abstencións do PSdeG-PSOE.

### **5º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.**

En canto ás cifras de porcentaxe de execución da rede de sumidoiros e auga no ano 2021, di que ten rematado o estudo do referente á auga e non lle deu tempo de terminar o de sumidoiros.

En canto á auga, cando o PP accedeu á Alcaldía, a poboación, que non o territorio, porque pode haber parroquias que poden ter catro aldeas pero a poboación pode estar concentrada, e entón a auga chega a máis porcentaxe de poboación pero a menos porcentaxe de territorio, a porcentaxe estaba entre un dez e un quince por cento de poboación de Vedra que podía ter acceso á auga.

A día de hoxe, con obra xa executada, que se está executando ou que xa se adxudicou a execución, a porcentaxe é dun 45 - 50 % da poboación.

Por parroquias, a auga chega a dez das doce parroquias. Hai tres parroquias que estarían nunha porcentaxe dun 65 - 70%, que son Ponte Ulla, San Xián e Santa Cruz.

Vilanova está arredor dun 55 - 60%, San Fins arredor dun 50%, San Mamede e Vedra sobre un 40 - 45%.

En tres parroquias chega a auga, pero a súa implantación é pequena: Illobre (20-25%), Trobe (15-20%) e Merín (10-15%).

Ás parroquias de San Miguel e San Pedro de Sarandón aínda non chega a auga.

As parroquias máis poboadas son as que teñen maior desenvolvemento. Se se estimara un radio de cen metros para ter acceso á auga, esa porcentaxe subiría, pero van seguir o plan director e irán executando segundo vaia habendo demanda.

Co debuxo das liñas xerais que xa están desenvolvidas, existe facilidade de conexión a máis aldeas sen necesidade de facer grandes obras. Aquelas que están a 300-400 m. da rede principal pódense executar con medios propios.

A nivel estratéxico e que dará un gran pulo á extensión da rede de auga, hai tres zonas que quere desenvolver para dar ese impulso.

Unha delas é a conexión en San Miguel, na que está previsto aproveitar a realización das sendas peonís por parte da Deputación para introducir a canalización da auga, polo tanto só teñen que facer un anaco para atravesar a autopista.

Outra delas é seguir estendendo a partir do cruzamento da Chabola en Trobe, sobre todo indo cara Teo; e por último, unha gran troncal que vai cara Trasariz e chega á zona do Terrón.

Estas son as tres grandes obras nas que se quere avanzar, independentemente da realización das pequenas.



En canto á análise da rede de sumidoiros, non lle deu tempo a rematala e espera presentala na próxima sesión plenaria.

--Ás preguntas formuladas por dona Beatriz Amenal, do PSde-G-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto da ausencia da Presidencia á Xunta de Goberno de xuño, di que xa está contestada.

2º.- Sobre cal é a proposta que teñen para solucionar o problema que existe cada ano coa limpeza de cunetas, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que di que a idea é reforzar ese servizo de limpeza nos meses nos que haxa máis carga de traballo, contratando un tractorista como fixeron este ano.

En canto á maquinaria que se vai comprar, di que é maquinaria necesaria para facilitar os traballos, pero non implica a contratación de novos operarios.

3º.- Respecto dunha nova edición do libro de Henrique Neira, a Presidencia contesta que están pensando, se hai moita xente interesada, en facer unha edición na que o custe do exemplar sexa razoable e cubra esa impresión.

4º.- Sobre a adxudicación do SAF, di que só queda a mesa de adxudicación por celebrar.

5º.- Respecto das rebaixas na AP-9, di que é unha opinión.

--Ás preguntas formuladas por dona Raquel Sangiao, do PSde-G-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre a desagregación das indemnizacións aos membros da corporación, a Presidencia di que cre que xa están colgadas na páxina web municipal.

2º.- Respecto a cal é a poboación do concello, di que a día de hoxe hai 5.025 habitantes.

--Ás preguntas formuladas polo Sr. García Cutrín, do PSde-G-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre as obras pendentes na escola infantil de San Fins, cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que di que a idea era pintar nos meses de xullo e agosto, pero non atoparon que o fixera pola carga de traballo que teñen os pintores neses meses. Ou o fan agora antes de chegue o inverno ou senón terán que quedar para a primavera/verán do ano que vén.

En canto a limpar as cunetas, arredor dos postes, sinais, detrás dos contedores e os lavadoiros que están abandonados, di que se limpa e roza todo aquilo que é posible cos medios e persoal co que contan. Son doce parroquias nas que se limpan camiños, áreas



recreativas, campos de festas, marquesiñas, rutas de sendeirismo, fontes, lavadoiros, beirarrúas, zonas deportivas, etc. Teñen establecidos os traballos que hai que facer en cada parroquia dende xa hai algúns anos e intentan cada ano ir metendo algún máis. Inténtanse manter todo o máis limpo posible, pero é evidente que a todo non dan chegado e por iso intentan darlle prioridade a algunhas actuacións.

2º.- Respecto á colocación dun espello en A Gándara, o Sr. Vázquez responde que se colocará nas próximas semanas.

3º.- Sobre o centro de día, a Presidencia contesta que van convocar a reunión coa xunta de portavoces nas próximas dúas ou tres semanas porque hai novidades ao respecto, e son para ben.

--Ás preguntas formuladas polo Sr. Pose Rodríguez, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto da reforma da Escola Infantil Municipal, a Presidencia di que van comezar coa adxudicación das obras, porque teñen que estar adxudicadas antes do 15 de xaneiro. Son obras cun importante financiamento do IDAE e estarán adxudicadas antes de final de ano.

--Ás preguntas formuladas por dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre o SAF, di que xa está contestada.

2º.- Respecto a como van os trámites para facerlle o patio aos rapaces de San Xián, di que están esgotando todas as posibilidades de acordo coa familia, porque se abriran distintas vías de negociación. Algunha delas hai unha semana que foi descartada pola Xunta de Galicia e queda unha na que haberá unha solución definitiva nunhas semanas.

## **6º.- Rogos e preguntas.**

--Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Quere facer constar en acta que queda pendente ese informe sobre a porcentaxe de execución da rede de saneamento.

2º.- Pregunta se o concello ten xa o informe da APLU sobre o tema dos escorregamentos de Vilanova.

A Presidencia di que aínda non chegou o informe, e que para a semana ten unha reunión na APLU para que manden con urxencia varios informes que teñen solicitado.



3º.- Respecto ao saneamento en Quintáns, cre recordar que fora incluído nun POS+, e no deste ano ía como obra principal, e estando no mes de setembro non hai nada respecto desa obra. Pregunta que está sucedendo ao respecto.

A Presidencia responde que ten que entender que a carga burocrática que nestes momentos hai nos traballadores do concello é moi grande e están dando todo o que poden.

Dona Beatriz Amenal replica que iso lle parece unha milonga, porque ese proxecto xa está feito porque xa se ía incluír nos plans doutros anos. Botarlle a culpa á carga de traballo que teñen os traballadores e técnicos municipais, do que non lle cabe dúbida, non lle parece ben. Se teñen moita carga de traballo, o que ten que facer o concello é contratar máis persoal.

O proxecto está feito e pregunta cal é o problema.

4º.- Sobre á sanción imposta á empresa que presta o servizo do SAF, está a punto de terminar a mesa de contratación deste servizo, e non se lles permitiu ver o expediente porque non estaba terminado. Pregunta se o van terminar para poder velo, ou se vai seguir sen terminar para que non saiba nada a oposición.

--Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Solicita que se faga público o que sucede coa actividade extraescolar de inglés e a súa forma de financiamento.

2º.- Hai uns meses saíu publicado que o concello ía poder gozar das Aulas Mentor do MEC, o que lle parece unha boa oportunidade de darlle máis uso á Aula Cemit. A súa sorpresa foi cando se decata que vai estar situada en Santa Cruz.

--Don Carlos García, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Pregunta se os gastos dos traballos de limpeza que se fixeron en Vilanova cos escorregamentos van a conta da empresa ou do concello.

--O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, pregunta:

1º.- Pregunta cantos cartos dedican aos outros clubs de fútbol dende a creación da E.D. de Vedra.

2º.- Solicita o prezo desagregado da máquina deseñada polo Sr. Vázquez e o Sr. González (camión, adaptacións, certificación industrial, etc.)

3º.- Pregunta que opina o grupo de goberno da situación actual do asfaltado das vías municipais.





4º.- Mandaron ás casas uns documentos cos itinerarios do transporte urbano. Pregunta se se trata dun documento municipal o se é un documento de partido.

Se é un documento municipal, quere saber cal é o motivo polo que o proceso de reparto se realiza por parte de concelleiros e militantes non electos e non se utiliza un sistema de mailling ou como calquera outro documento municipal.

Se se trata dun documento de partido, pregunta como é que non aparecen identificadas as siglas.

5º.- Pregunta que pasa coa instalación da fibra en Matelo.

--Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Sorprendeuse cando soubo que a Aula Mentor se vai levar a cabo en Santa Cruz e non en Vedra na Aula Cemit, que ademais a finais do ano pasado foi mellorado o seu equipamento, e segue abandonada. Solicitaron que se fixeran cursos e actividades na mesma e ata o de agora non se fixo nada.

2º.- Pregunta por que o punto limpo só abre os martes todo o día e os sábados pola mañá. Cre recordar que antes abría tamén os xoves. Roga que se habilite outro día máis de apertura.

3º.- Solicita que se inclúan nos próximos orzamentos municipais a partida correspondente para a finalización dos traballos de acondicionamento da antiga escola de San Mamede.

4º.- Pregunta se a empresa fixo algo para que non volvan acontecer os escorregamentos en Vilanova, porque están ás portas do inverno.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e dez minutos.